



LAR DE UNTA

IV CONCURSO DE MICRO-RELATO

ASOCIACIÓN G.C.D.X. LAR DE UNTA

MODALIDADE: Concurso de micro-relato co motivo Samain

OBXECTO: Micro-relatos relacionados coa celebración do SAMAIN, cunha extensión máxima de 200 palabras e escritos en galego. Deben ser relatos inéditos e orixinais. Serán válidos relatos escritos á man ou a ordenador.

CATEGORÍAS:

- Ata 16 anos (inclusive).
- Maiores de 16 años.

PRESENTACIÓN: Enviar ao correo electrónico lardeunta@lardeunta.org (indicando en asunto: concurso relatos Samaín e nome do concursante). Desde o 16 de outubro ata as **23:00 horas do 31 de outubro de 2023**; acompañando texto con título, nome e apelidos, teléfono de contacto e idade.

PREMIO: 1 único premio por categoría, tralo fallo do xurado. Este estará composto por tres membros da directiva da Asociación. O premio consistirá nun presente valorado en 15 euros por categoría.

A entrega do premio realizarase o día **18/11/2023** ás 12:30 horas no local da Asociación.

**Nota:*

Os/as participantes ceden gratuitamente os dereitos de reprodución, distribución e/ou comunicación pública gratuíta en calquera soporte dos traballos presentados á Asociación Lar de Unta. Máximo 2 presentacións por participante e categoría.. Os traballos enviados fóra dos prazos establecidos non serán tidos en conta.